



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
AUGA DA LAXE

Campo da Feira s/n. 36380 – Gondomar  
Teléfono: 886 110 209  
ies.augadalaxe.gondomar@edu.xunta.gal



Unión Europea  
Fondo Social Europeo

# Proxecto Lingüístico



**IES Auga da Laxe**

**2023-2027**

Este Proxecto Lingüístico foi aprobado polo claustro nunha reunión celebrada o 14/12/2023 e polo Consello Escolar nunha reunión celebrada o 20/12/2023

## Proxecto Lingüístico de centro

De acordo co establecido no artigo 14 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, procédese a revisar no curso 2023-2024 o Proxecto Lingüístico de centro para actualizalo tendo en conta a realidade do centro e para adaptalo ao novo marco legal derivado da entrada en vigor da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, que modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Tense en conta tamén o establecido, respecto da organización do currículo, no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o establecido nas ordes que os desenvolven.

Este Proxecto Lingüístico foi aprobado polo claustro (14/12/2023) e polo Consello Escolar (20/12/2023) e estará en vigor desde o curso 2023-2024 ata o curso 2026-2027. Elaboraranse concrecións anuais que se incluírán na Programación Xeral Anual.

### 1. Decisión respecto da lingua en que se impartirán as materias da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Tendo en conta o establecido nos artigos 7 e 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, acórdase a seguinte distribución respecto da lingua en que se impartirán as distintas materias da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. Débese ter en conta que as horas que se indican para cada lingua corresponden coa oferta xeral do centro, pero poden variar na carga lectiva do alumnado en función da súa escolla no caso de que exista optatividade. Non se inclúen nos cadros as materias Lingua Estranxeira (Inglés) e Segunda Lingua Estranxeira (Francés).

1º ESO			
Castelán		Galego	
Materias	Horas	Materias	Horas
Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas	4	Bioloxía e Xeoloxía	3
EPVA	2+1	Xeografía e Historia	3
Tecnoloxía e Dixitalización	3	Educación Física	2+1
Relixión	1	Proxecto competencial	1
	14		13

2º ESO			
Castelán		Galego	
Materias	Horas	Materias	Horas
Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	3+1
Matemáticas	4	Xeografía e Historia	3
Física e Química	3	Educación Física	2
Tecnoloxía e Dixitalización	3		
Relixión	1	Proxecto competencial	1
Música	2		
	16		10

3º ESO			
Castelán		Galego	
Materias	Horas	Materias	Horas
Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas	4	Xeografía e Historia	3
Física e Química	2	Bioloxía e Xeoloxía	2
EPVA	2	Educación Física	2
Cultura financeira (opt)	3	Cultura Clásica (opt)	3
Educación Dixital (opt)	3	Proxecto competencial	1
Relixión	1	Ed. en Valores Cívicos e Éticos	1
Música	2		
	20		15

4º ESO			
Castelán		Galego	
Materias	Horas	Materias	Horas
Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas B e A	4	Xeografía e Historia	3
Física e Química	3	Bioloxía e Xeoloxía	3
Tecnoloxía	3	Filosofía	3
EPVA	3	Oratoria	3
Economía e Emprendemento	3	Latín	3
Dixitalización	3	Educación Física	2
Relixión	1	Proxecto competencial	1
Música	3		
	26		21

## 1º Bacharelato

### **Materias comúns**

Lingua Castelá e Literatura I (3 h) **C**

Lingua Galega e Literatura I (3 h) **G**

Inglés 1ª Lingua

Filosofía (3 h) **G**

Educación Física (3 h) **G**

### **Materias de modalidade (4 horas)**

CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS
Matemáticas I <b>C</b>	Latín I <b>G</b>	Mate. Aplic. ás CC.SS. I <b>C</b>
FQ <b>G</b>	Hist. do Mundo Contemp. <b>G</b>	
Bio. Xeo. E CCAA <b>G</b>	Economía <b>C</b>	
Debuxo Técn. I <b>C</b>	Literatura Universal <b>C</b>	
Tecnoloxía e Enx. <b>C</b>	Grego I <b>G</b>	

### **Materias optativas (4 horas)**

Debuxo Artístico I **C**

TIC I **C**

Análise musical I **C**

Anatomía aplicada **G**

Antropoloxía **G**

Cultura Científica **G**

Literatura Galega do séc. XX e da Actualidade **G**

Relixión (1h) **C** / Atención educativa (1h) **G**

**Oferta total castelán 1ºBach: 36h / Oferta total galego 1ºBach: 50h**

**Situación real no curso 2023-2024 en 1ºBach: castelán (36) / galego (34)**

**Materias comúns**

Lingua Castelá e Literatura II (3 h) **C**  
 Lingua Galega e Literatura II (3 h) **G**  
 Historia de España (3 h) **G**  
 Historia da Filosofía (3h) **G**  
 Inglés 1ª Lingua

**Materias de modalidade (4 horas)**

CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS
Matemáticas II <b>C</b> Mate. Aplic. ás CC.SS. II <b>C</b>	Latín II <b>G</b>	Mate. Aplic. ás CC.SS. II <b>C</b>
Física <b>G</b> Bioloxía <b>G</b> Xeoloxía e CCAA <b>G</b> Química <b>G</b> Debuxo Téc. II <b>C</b> Tecnoloxía e Enx. II <b>C</b>	Xeografía <b>G</b> Historia da Arte <b>G</b> Grego II <b>G</b> Empresa e Deseño de Modelos de Negocio <b>C</b>	

**Materias optativas (4 horas)**

Debuxo Artístico II **C**  
 TIC II **C**  
 Análise musical II **C**  
 Métodos Estatísticos e Numéricos **C**  
 Psicoloxía **G**  
 Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia **G**

Relixión (1h) **C** / Atención educativa (1h) **G**

**Oferta total castelán 2ºBach: 40h / Oferta total galego 2ºBach: 50h**

**Situación real no curso 2023-2024 en 2º Bach: castelán (39) / galego (34)**

## **2. Medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.**

Entre as medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas mellore a súa competencia lingüística contamos coa **exención na segunda lingua estranxeira**, no noso caso Francés, para aquel alumnado cun nivel insuficiente nas linguas oficiais. Desta maneira impártenselle dúas horas máis á semana de Lingua Castelá e Literatura en 1º de ESO e outras dúas de Lingua Galega e Literatura en 2º de ESO. Ademais, a profesora especialista en Pedagogía Terapéutica realizará apoios nesas dúas materias con algún alumnado da ESO que o precise.

Por outra banda, ao abeiro do Decreto 79/2010 do 20 de maio, ofrécese a posibilidade de solicitar a **exención da cualificación na materia de Lingua Galega e Literatura** a aquel alumnado que se atope na situación establecida no artigo 18 do citado decreto.

## **3. Medidas de fomento do plurilingüismo**

O centro conta coas denominadas seccións bilingües para a mellora da competencia lingüística en inglés. Esta medida está destinada a un grupo seleccionado de alumnos e alumnas que contan cun bo dominio das linguas oficiais, de xeito que unha parte do alumnado de 2º e 3º de ESO reciben as clases de Educación Física en inglés.

Esta lingua conta tamén con outras medidas dirixidas á mellora da súa competencia oral e escrita. Por unha banda, en función da dispoñibilidade de profesorado, organizaranse desdobramentos de 1h semanal nos cursos máis baixos da ESO e, por outra banda, contarase co apoio dunha auxiliar de conversa nativa que, de outubro a maio, apoia as clases de Inglés e as clases da sección bilingüe de Educación Física para reforzar a competencia oral.

Ademais, o centro participa no programa de Acreditación de Alumnado en Linguas Estranxeiras da Consellería de Educación para favorecer que o alumnado poida realizar de xeito gratuíto ou case gratuíto probas oficiais que acrediten o seu nivel de competencia en Inglés.

Por último, o centro organiza viaxes e intercambios que favorecen a aprendizaxe de linguas estranxeiras. En concreto, organízase desde hai anos un intercambio con Dinamarca en 2ºBach e outro con Alemaña en 1ºBach, para favorecer a competencia en inglés, e unha viaxe a Francia para alumnado de Francés de 3ºESO, 4ºESO e 1ºBach.

## **4. Obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento da lingua galega.**

Atopámonos nun centro educativo onde o alumnado é castelanfalante de forma maioritaria, aínda que a lingua galega non lles é allea pois está moi presente na súa contorna e algúns mesmo a falan no ámbito familiar. É por isto que o noso obxectivo é fomentar o uso oral da lingua galega en ámbitos que para eles non son habituais e que melloren a súa competencia nela. Para acadar ese obxectivo tratamos de presentarlle ao alumnado actividades e espazos de uso nos que poidan utilizar activamente a lingua galega máis alá das clases. Sinálanse a continuación:

- O material didáctico que se elabora para as diferentes conmemoracións que se organizan ao longo do curso realízase en galego.

- Tamén as actividades complementarias que se realizan no centro (celebracións, competicións deportivas, actividades musicais, concursos, festas, etc.) teñen a lingua galega como lingua vehicular habitual.
- Utilízase tamén o galego na páxina web e nas redes sociais do centro.
- Na medida do posible, as actividades complementarias (conferencias, excursións, saídas a museos, concertos musicais e outras) realízanse en galego, de modo que o noso alumnado poida comprobar a plena validez da nosa lingua.

Contamos tamén cun Equipo de Dinamización da Lingua Galega, *Balbordo*, que ten un papel fundamental na promoción da lingua galega no centro. Entre os seus obxectivos, pódense destacar os seguintes:

▪ Obxectivos respecto á **contorna**.

Participar en actividades con outros centros educativos, asociacións ou entidades da contorna.

▪ Obxectivos referidos ao **profesorado**.

Favorecer que o maior número de profesores e profesoras e mais os departamentos participen das actividades propostas polo EDLG e que as actividades que eles promovan se desenvolvan tamén en lingua galega.

Asesorar o profesorado respecto dos recursos lingüísticos e a información que precisen sobre a nosa lingua, para se fornecer de maior coñecemento e seguridade no seu labor docente e no uso habitual que realizan da lingua galega.

▪ Obxectivos referidos ao **alumnado**.

Axudalo a reparar en actitudes, prexuízos e estereotipos lingüísticos para superalos e mellorar a súa actitude crítica fronte aos menosprezos á nosa cultura e o abandono no uso da nosa lingua.

Achegalo á nosa cultura desde diferentes disciplinas e tratando diversos temas sociais, tendo en conta a educación en valores.

Favorecer o emprego da lingua galega entre a mocidade, especialmente nos usos orais en contextos formais e informais.

▪ Obxectivos referidos ao **centro educativo**.

Velar polo cumprimento da lexislación vixente sobre o uso da lingua galega.

Implicar o persoal non docente no proceso normalizador.

Para contribuír a conseguir estes obxectivos, organízase un programa de actividades, en colaboración coa Biblioteca do centro e dirixido a toda a comunidade educativa. Nesa programación, que se desenvolve integramente en galego, inclúense propostas e retos mensuais nos que o alumnado ten moito protagonismo e nos que se procura fomentar un uso activo da lingua galega, en contextos reais vinculados a ámbitos diferentes. Dentro desas actividades pódense sinalar as seguintes:

Setembro: Benvida ao novo alumnado

Presentación da biblioteca e do EDLG ao novo alumnado, con xogos de benvida.

Outubro: Chega o samaín!

Concurso de epitafios + lápidas de distintas culturas e períodos históricos.

Samaín (concurso de relatos de medo).

Concurso de cabazas e cestas de froitas outonais (en colaboración co departamento de Inglés).

Novembro: Contra a violencia de xénero

Actividades relacionadas con mulleres científicas.

Acto reivindicativo polo 25N, no propio centro ou na vila, en colaboración co Concello de Gondomar.

Colaboración no Obradoiro de Regueifas.

Decembro: Agasallar un libro é agasallar unha viaxe pola ilusión

Felicitacións de Nadal sorpresa entre compañeiros do IES nunha caixa da entrada.

Amigo invisible entre persoal docente e non docente.

Xaneiro: Día Escolar da Paz e a Non Violencia.

Lecturas sobre as figuras de Gandhi e Sadako

Obradoiro de origami/papiroflexia: fabricación de mil grúas.

Febreiro: Mes de Rosalía

Actividades na Praza de Rosalía do Concello de Gondomar coa veciñanza e o Concello. Acto poético e musical.

Marzo: Colaboración coa Semana Cultural do instituto.

8M Día da Muller: acto reivindicativo no recreo, celebrado no instituto ou na vila, en colaboración co Concello de Gondomar.

Semana da froita e semana dos xogos. Torneo de xogos de lóxica impresos en 3D

14 marzo, Día das Matemáticas. Cada semana do mes o departamento de Matemáticas propondrá un reto, con distintos niveis.

21 marzo, Día da Poesía. Colaboración cos departamentos de linguas. Dedicaremos as horas de ler deste mes á lectura de poesía. Realización dun asalto poético pola vila de Gondomar.

Abril: Arte e literatura na pel

1 abril: Celebración do Día das Artes Galegas.

Concurso por aulas *Que obra de arte queres ser?* Cada aula representará unha obra de arte para unha fotografía que será exposta xunto ao cadro orixinal na entrada do centro.

Primaremos a representación de obras pictóricas galegas.

Día do Libro: II concurso "IntégraTE no libro".

Maió: Mes das Letras Galegas

Colaborar na exposición sobre o autor ou autora ao que se lle dedique o Día das Letras Galegas e na elaboración dunha ficha de traballo para o alumnado dos distintos niveis.

Acto público fóra do centro para esta conmemoración.

Gondomar, decembro de 2023